

SENDA COSTEIRA CANGAS- DONÓN

ZONA INDUSTRIAL MASSÓ. Inaugurada en 1941, segundo o proxecto do arquitecto Tomás Bolívar, sobre 20 hectáreas de terreo e 1 km de litoral. Ademais da fábrica de conservas contaba con dúas dársenas, varadoiros, taller, sección de envases metálicos, unha central eléctrica de emerxencia, unha factoría baleira, unha fábrica de xeo e outra de fariñas de peixe.

Zona industrial Massó. Inaugurada en 1941, según el proyecto del arquitecto Tomás Bolívar, sobre 20 hectáreas de terreno y 1 km de litoral. Además de la fábrica de conservas contaba con dos dársenas, varaderos, taller, sección de envases metálicos, una central eléctrica de emergencia, una factoría ballenera, una fábrica de hielo y otra de harinas de pescado.



1

LAGOA DA CONGORZA. A lagoa, situada dentro do Espazo Natural de Punta Balea, conta cunha superficie de 1,7 hectáreas. Neste entorno se atopan actualmente catalogadas unhas 400 especies de plantas, 70 de insectos coleópteros e bolboretas, 1 peixe (anguia da lagoa), 6 anfibios, 14 réptiles, 140 aves (das que polo menos 23 crían na zona) e 20 mamíferos.

Lagoa da Congorza. La laguna, situada dentro del Espacio Natural de Punta Balea, cuenta con una superficie de 1,7 hectáreas. En este entorno se encuentran actualmente catalogadas unas 400 especies de plantas, 70 de insectos coleópteros y mariposas, 1 pescado (anguila de laguna), 6 anfibios, 14 réptiles, 140 aves (de las que por lo menos 23 crían en la zona) y 20 mamíferos.



2

COSTA DA VELA. Espazo Natural Protexido pola Rede Natura 2000. Trátase dunha zona de altos acantilados, de ata 150m, cunhas fantásticas vistas sobre as Illas Cíes e Ons, na que destacan os seus tres faros: o de Punta Subrido, o de Punta Robaleira e o de Cabo Home, punto de terra máis próximo ás Cíes; ademais da fermosa praia de Melide, de 250m de lonxitude na que salientan as súas dunas e o seu piñeiral.

Costa da Vela. Espacio Natural Protegido por la Red Natura 2000. Se trata de una zona de altos acantilados, de hasta 150m, con unas fantásticas vistas sobre las Islas Cíes y Ons, en la que destacan sus tres faros: el de Punta Subrido, el de Punta Robaleira y el de Cabo Home, punto de tierra más próximo a las Cíes; además de la hermosa Playa de Melide, de 250m de longitud en la que resaltan sus dunas y su pinar.



3

COMPLEXO DUNAR NERGA-VIÑO-BARRA. Complexo formado polas praias de Nerga, Viño e Barra, constitúe o segundo dunar máis importante da provincia de Pontevedra pola súa extensión e o seu estado de conservación. Foi catalogado como Espazo Natural Protexido por ser un ecosistema de gran valor xeolóxico, botánico, micolóxico e fáunico.

Complejo dunar Nerga-Viño-Barra. Complejo formado por las playas de Nerga, Viño y Barra, constituye el segundo dunar más importante de la provincia de Pontevedra por su extensión y su estado de conservación. Fue catalogado como Espacio Natural Protegido por ser un ecosistema de gran valor geológico, botánico, micológico y faunístico.



4



LENDA: Ficha Técnica Senda Costeira



Lonxitude Cangas-Liméns: 5km
Lonxitude Liméns-Viño: 7km
Sendeiro Azul: 11km
Lonxitude total: 23 km (ida)
Tempo aproximado: 6 horas (ida)
Trazado: Lineal
Desnivel acumulado subindo: 424m
Desnivel acumulado baixando: 400m
Altura máxima: 165m
Dificultade técnica: Baixa

- Está totalmente prohibido prender lume.
- Respectar a flora e non arrincar plantas.
- Respectar a fauna e os seus hábitats.
- A acampada libre está prohibida.
- Lévese o lixo e deposíteos nos contenedores axeitados.
- Evite facer ruidos que poidan perturbar a tranquilidade da fauna salvaxe.
- Non recolla rochas nin outro tipo de mineral nos espazos protexidos.
- CONTINUIDADE DE SENDEIRO
- CAMBIO BRUSCO DE DIRECCIÓN
- CAMBIO DE DIRECCIÓN
- DIRECCIÓN EQUIVOCADA

LENDA: Mapa

- Rede Autonómica principal
- Rede Autonómica secundaria
- Rede Local
- Outras pistas
- Vía Galega / Corredor do Morrazo
- Sendeiro Azul 2016
- Rede Natura 2000 / ZEC
- Senda costeira Cangas-Donón
- Entrada-Saída Corredor
- Vd. está aquí
- Información turística
- Cruceiro do Hío
- Igrexa
- Miradoiro
- Faro
- Ponte
- Lago
- Porto deportivo
- Restos Arqueolóxicos
- Muiño
- Bandeira Azul 2016
- Monte
- Merendeiro
- Fonte
- Túnel
- Zona Industrial

PRAIA DE LIMÉNS E FRONDOAL. O areal, praia principal da enseada de Liméns, ten uns 310 metros de lonxitude por 25 metros de anchura media, e encóntrase rodeado dun complexo dunar de 8,7 hectáreas cofecido co nome de Frondoal. Este espazo natural contén unha flora e unha fauna de gran importancia medio ambiental.

Praia de Liméns e Frondoal. El arenal, playa principal de la ensenada de Liméns, tiene unos 310 metros de longitud por 25 metros de anchura media, y se encuentra rodeado de un complejo dunar de 8,7 hectáreas conocido con el nombre de Frondoal. Este espacio natural contiene una flora y una fauna de gran importancia medio ambiental.



5

MONTE DO FACHO. Promontorio situado a 165m sobre o nivel do mar, que acolleu ao longo dos séculos diferentes asentamentos. No Facho atópase un xacemento arqueolóxico do Santuario ao deus Lar de Berobriga e tamén un posto de vixilancia costeira con fines militares construído no século XVIII.

Monte do Facho. Promontorio situado a 165m sobre el nivel del mar, situado en pleno corazón de la Costa de Vela, donde se divisan unas vistas panorámicas a las Rías de Vigo y Pontevedra. En el Facho se encuentra un yacimiento arqueológico del Santuario al dios Lar de Berobriga y también un puesto de vigilancia costera con fines militares construido en el siglo XVIII.



6



7

CAPELA DE SANTA MARTA. Pequena capela do s. XVIII de planta rectangular e ábsida da mesma forma, cubertas ambas partes con tellado a dúas augas. Na fachada ábrese unha porta formada por un arco de medio punto e se coroa cunha sinxela espadana con campá e sobre ela unha cruz. A capela rodéase dun adro no que destacan os castiñeiros.

Capela de Santa Marta. Pequeña capilla del s. XVIII de planta rectangular y ábside de la misma forma, cubiertas ambas partes con tejado a dos aguas. En la fachada se abre una puerta formada por un arco de medio punto y se corona con una sencilla espadana con campana y sobre ella una cruz. La capilla está rodeada de un atrio en el que destacan los castaños.



8

AS FURNAS son dúas cavidades creadas no monte pola forza que exerce o mar ao romper contra a costa, o terreo cede e se forma unha gruta ou burato vertical dende o cal se pode oír o mar. A carón das mesmas sitúase un mirador con dous bancos para gozar dun merecido descanso e ter unha fantástica panorámica da Ría de Vigo.

Las Furnas son dos cavidades creadas en el monte por la fuerza que ejerce el mar al romper contra la costa, el terreno cede y se forma una gruta o agujero vertical desde la que se puede oír el mar. Al lado de las mismas se sitúa un mirador con dos bancos para disfrutar de un merecido descanso y tener una fantástica panorámica de la Ría de Vigo.

Deseño: Aerne Soluciones Gráficas



1 **NATURA 2000** é unha rede ecolóxica europea de áreas de conservación da biodiversidade. A súa finalidade é asegurar a supervivencia a longo prazo das especies e os tipos de hábitats en Europa, contribuíndo a deter a perda de biodiversidade. É o principal instrumento para a conservación da natureza na Unión Europea. Consta de Zonas Especiais de Conservación (ZEC) e de Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA).

Natura 2000 es una red ecológica de áreas de conservación de la biodiversidad. Su finalidad es asegurar la supervivencia a largo plazo de las especies y los tipos de hábitats en Europa, contribuyendo a detener la pérdida de biodiversidad. Es el principal instrumento de conservación de la unión europea. Consta de Zonas Especiales de Conservación (ZEC) y de Zonas de Especial Protección para las Aves (ZEPA).



2 **A COSTA DA VELA** é un espazo natural formado por praias, dunas primarias, secundarias e establecidas, piñeirais, uceiras, acantilados rochosos, e ecosistemas fluviais. A súa gran riqueza medioambiental e de biodiversidade, permítenos atopar ademais das especies representativas dos ecosistemas do litoral galego, outras especies protexidas de gran valor dada a súa necesidade de conservación.

La Costa da Vela es un espacio natural formado por playas, dunas primarias, secundarias, terciarias y establecidas, pinares, brezales, acantilados rocosos y ecosistemas fluviales. Su gran riqueza medioambiental y de biodiversidad, nos permite encontrar además de las especies representativas de los ecosistemas del litoral gallego, otras especies protegidas de gran valor dada su necesidad de conservación.



3 **NERGA, VIÑÓ, BARRA E MELIDE** cos seus respectivos dunares, son un dos atractivos de esta ruta, onde se combinan o uso recreativo e a preservación do medio ambiente, nun complexo de increíble valor xeolóxico, botánico, micolóxico e faunístico.

Nerga, Viñó, Barra y Melide, con sus respectivas dunares, son uno de los atractivos de esta ruta, donde se combinan el uso recreativo y la preservación del medio ambiente, en un complejo de increíble valor geológico, botánico, micológico y faunístico.



4 **PIÑEIRAL DUNAR.** Transcorre pola parte superior das praias de Nerga, Viñó e Barra e constitúe un claro exemplo de duna estabilizada, na que a vexetación cubre completamente a duna e provoca que esta careza de movemento, sendo parte importante do mosaico xeral de diferentes tipos de dunas que se atopan neste tramo.

Pinar dunar. Transcorre por la parte superior de las playas de Nerga, Viñó y Barra y es un claro ejemplo de duna estabilizada en la que la vegetación cubre completamente la duna y provoca que esta carezca de movimiento, siendo parte importante del mosaico general de diferentes tipos de dunas que se encuentran en este tramo.




5 **REGO DE DONÓN.** Trátase dun ecosistema fluvial de gran importancia, que alberga gran cantidade de fentos, salgueiros, loureiros e outras especies de ribeira, e onde ademais habitan especies de fauna tan importantes como a pintega rabilonga, o sapiño pintoso, a lontra, ou o picapeixe.

Rego de Donón. Se trata de un ecosistema fluvial de gran importancia, que alberga gran cantidad de helechos, sauces, laurel y otras especies de ribera, y donde además habitan especies de fauna tan importantes como la salamandra rabilarga, el sapillo pintojo, la nutria, o el Martín pescador.




LENDA: Ficha Técnica Senda Costeira



Fauna Protexida



LENDA: Mapa



Flora



Deseño: Aeme Soluciones Gráficas

SENDA COSTEIRA CANGAS- DONÓN

A praia de Liméns, cunha lonxitude duns 300 metros, ten as súas dunas estruturadas en catro capas ou niveis nas que o último nivel destaca pola súa vexetación de Pinus pinaster, que conforma un piñeiral detrás da praia que é o que proporciona a estabilización das dunas.

La playa de Liméns, con una longitud de unos 300 metros, tiene sus dunas estructuradas en cuatro capas o niveles en las que el último nivel destaca por su vegetación de Pinus pinaster, que conforma un pinar detrás de la playa que es el que proporciona la estabilización de las dunas.

Areamilla é outro dos ecosistemas dunares destacados de Cangas con 200m de praia, contando con dunas primarias, secundarias e terciarias. A vexetación dunar posúe unha serie de adaptacións que lles permiten desenvolverse cunha escasa presenza de auga e altas temperaturas, como son a presenza de espiñas e pelos, ademais de longas raíces con tons de cor claro.


Areamilla es otro de los ecosistemas dunares destacados de Cangas con 200m de playa, contando con dunas primarias secundarias y terciarias. La vegetación dunar posee una serie de adaptaciones que les permiten desenvolverse con una escasa presencia de agua y altas temperaturas, como son la presencia de pelos y espinas, además de raíces con tonos de color claro.

Nas praias prodúcese un contacto especial entre o medio mariño e o terrestre. Cando os fortes temporais removen a area e desenterran á fauna mariña somerxida, a ondada do mar deposita nas praias especies que están baixo as augas, en caso de fortísimos temporais, poden chegar a aparecer especies oceánicas, arrastradas centos de quilómetros polo vento. Xunto coas algas mariñas, que mediante a realización da fotosíntese transforman as substancias inorgánicas en materia orgánica, polo que constitúen a base das cadeas tróficas mariñas, constitúen un recurso fundamental para manter o resto da cadea alimentaria proporcionando, por exemplo, sustento á pulga de area, que serve de alimento a gran cantidade de aves mariñas, especialmente as limícolas en migración.

En las playas se produce un contacto especial entre el medio marino y el terrestre. Cuando los fuertes temporales remueven la arena y desenterran la fauna marina sumergida, las olas del mar depositan en las playas especies que están bajo las aguas, en caso de fuertísimos temporales, pueden llegar a aparecer especies oceánicas, arrastradas cientos de kilómetros por el viento. Junto con las algas marinas, que mediante la realización de la fotosíntesis transforman las sustancias inorgánicas en materia orgánica, por lo que son la base de las cadenas tróficas marinas, constituyen un recurso fundamental para mantener al resto de la cadena alimentaria proporcionando, de aves marinas, especialmente a las limícolas en migración.



LENDA: Ficha Técnica Senda Costeira



Está totalmente prohibido prender lume.	Lévese o lixo e depositeo nos contenedores axeitados.	Lévese o lixo e depositeo nos contenedores axeitados.	Lévese o lixo e depositeo nos contenedores axeitados.
Respetar a flora e non arrincar plantas.	Evite facer ruidos que poidan perturbar a tranquilidade da fauna salvaxe.	Evite facer ruidos que poidan perturbar a tranquilidade da fauna salvaxe.	Evite facer ruidos que poidan perturbar a tranquilidade da fauna salvaxe.
Respetar a fauna e os seus hábitats.	Non recolla rochas nin outro tipo de mineral nos espazos protexidos	Non recolla rochas nin outro tipo de mineral nos espazos protexidos	Non recolla rochas nin outro tipo de mineral nos espazos protexidos
A acampada libre está prohibida.			

LENDA: Mapa

Rede Autonómica principal	Senda costeira Cangas- Donón	Miradoiro	Bandeira Azul 2016
Rede Autonómica secundaria	Entrada-Saída Corredor	Faro	Monte
Rede Local	Vd. está aquí	Ponte	Merendeiro
Outras pistas	Información turística	Lago	Fonte
Vía Galega / Corredor do Morrazo	Cruceiro do Hío	Porto deportivo	Túnel
Sendeiro Azul 2016	Igrexa	Restos Arqueolóxicos	Zona Industrial
Rede Natura 2000 / ZEC		Muiño	

As dunas son a reserva de area das nosas praias, e polo tanto, as que axudan a preservar os areais fronte á acción dos temporais. Os ecosistemas dunares son espazos de interacción entre o mar e a terra, nos que o depósito de sedimentos deixados polo mar e a acción do vento, que transporta esa area cara zonas interiores, permite a aparición de plantas moi especializadas e adaptadas a vivir nun espazo moi hostil (con forte radiación solar, vento, elevada salinidade, escaseza de auga ou mobilidade do substrato), que á vez convértese no ambiente adecuado para que moitas especies de fauna atopen alimento e refuxio.

Las dunas son la reserva de arena de nuestras playas, y por lo tanto, las que ayudan a preservar los arenales frente a la acción de los temporales. Los ecosistemas dunares son espacios de interacción entre el mar y la tierra, en los que el depósito de sedimentos dejados por el mar y la acción del viento, que transporta esa arena hacia zonas interiores, permite la aparición de plantas muy especializadas y adaptadas a vivir en un espacio muy hostil (con fuerte radiación solar, viento, elevada salinidad, escasez de agua o movilidad del sustrato), que a su vez se convierten en el ambiente adecuado para que muchas especies de fauna encuentren alimento y refugio.

Flora zona dunar interior

Xesta Retama	Salgueiro Sauce
Toxo Tojo	Piñeiro marítimo Pino marítimo

Flora zona Piñeiral

Herba de namorar Armeria	Uz Brezo	Feo das praias Carrizo	Paxariño amarelo Paxariño amarelo
Carretón de praia Carretón de playa	Silene Colleja	Carrasca de San Xoán Algodonosa	Rabo de liebre Cola de liebre

Deseño: Aema Soluciones Gráficas